

# Unha nova vida aos equipos informáticos do centro

IES Primeiro de Marzo. Baiona

Concurso de iniciativas didácticas de tecnoloxía para os dereitos humanos no ensino secundario galego. Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia.

## Índice

1. Participantes.....	1
2. Antecedentes e xustificación do proxecto ou actividade.....	2
3. Obxectivos.....	2
4. Actividades.....	4
5. Difusión do proxecto.....	4
6. Orzamento.....	5
7. Datos de contacto.....	6

# 1. Participantes

---

## **Coordinadora:**

María Loureiro González. Departamento de Tecnoloxía. Responsable de coordinación TIC no IES Primeiro de Marzo de Baiona.

## **Alumnado encargado da actualización dos equipos:**

Materia de Dixitalización 4ºESO. 23 alumnas/os en total. 9 rapazas e 14 rapaces.

## **Beneficiarios:**

Despachos dos departamentos didácticos, alumnado de todo o centro, en función da renda e necesidades, e asociacións sen ánimo de lucro da contorna.

# 2. Antecedentes e xustificación do proxecto

---

O IES Primeiro de Marzo é un instituto que acolle alumnado dos concellos de Baiona e Oia, a maioría da contorna rural. Non está integrado no programa Edixgal da Xunta de Galicia, polo que a dotación informática do centro é moi precaria, conta con equipos moi vellos que non se actualizan e é o centro, cos seus recursos, o que carga coa actualización cada ano de parte dos ordenadores das aulas que van quedando obsoletos. O mantemento informático realízase por profesorado do centro, mediante a redución horaria correspondente.

Este curso procedeuse á actualización da aula de informática 1 a través da compra de 30 equipos novos que substitúen 30 equipos que xa teñen 13 anos e que empezaban a fallar (obsolescencia nos discos duros, ruidosos, non soporte das últimas actualizacións da maqueta abalar, lentos, etc.). De feito desde o curso pasado un dos equipos foi retirado, quedando 29 operativos.

Os equipos novos, para aforrar custes, mercáronse sen sistema operativo. A maqueta Abalar da xunta non é compatible con eles, polo que se instalou Linux Mint e o software habitual que se utiliza nas diferentes materias na aula de informática.

Os ordenadores antigos que se van substituír son o obxectivo deste proxecto. Retíranse os que están fallando continuamente e sobre os que hai incidencias continuas cada certo tempo, aproveitándose os compoñentes que funcionen ben (memoria, fonte de alimentación, etc.). Algúns equipos (habería que facer un estudo das necesidades, pero poden ser arredor de 8) prepararanse para a súa instalación nos departamentos que o necesiten e os equipos restantes serán prestados ou doados ao alumnado con necesidades ou asociacións sen ánimo de lucro da contorna.

Está previsto que o alumnado de Dixitalización de 4ºESO proceda ao cambio dos ordenadores vellos polos novos equipos, previa exposición dos tipos de conectores e portos existentes, disposición, ventilación e normas de coidado xeral. Procederá tamén á verificación do correcto funcionamento, actualización e instalación de software.

## 3. Obxectivos

---

### **Para o alumnado da materia de dixitalización:**

Os obxectivos principais son, por unha banda, a aprendizaxe técnica, e por outra banda a reflexión sobre a obsolescencia dos dispositivos electrónicos, a importancia de reparar e reutilizar e a socialización e accesibilidade da tecnoloxía para reducir as fendas sociais.

- Hardware do ordenador, periféricos e conectores.
- Mantemento, reparacións básicas e mellora das capacidades.
- Software libre. A liberdade dos usuarios e usuarias e da comunidade.
- Sistemas operativos libres. Instalación e configuración inicial.
- Programas libres. Instalación. Repositorios e xestor da software da comunidade.
- Reparación das caixas. Deseño, impresión e colocación das tapas deterioradas.

### **Para o profesorado do centro:**

O alumnado de 4ºESO traballará na mellora da dotación dos departamentos didácticos do centro, contribuíndo co seu traballo ao ben común. O profesorado, á súa vez, deberá:

- Coidar os equipos aprendendo tarefas de solución básica de problemas.
- Valorar a utilización de software libre no ensino e para o traballo na comunidade.

### **Para o alumnado e familias do centro:**

Farase un estudo das necesidades do alumnado e familias do noso centro educativo. Hai alumnos e alumnas que xa teñen adquirido un ordenador portátil en préstamo, pero pode ser insuficiente para as necesidades familiares, polo que se porán algúns dos ordenadores, previamente revisados e actualizados, a disposición destas familias que o necesitan, contribuíndo a reducir a fenda dixital das familias dos concellos de Oia e Baiona. Estas familias deberán:

- Mellorar a súa competencia dixital.
- Valorar a contribución do noso centro educativo na socialización da tecnoloxía.
- Valorar a contribución do software libre na socialización e acceso á tecnoloxía para toda a cidadanía, con independencia dos seus recursos económicos.

### **Para a contorna:**

Estudaranse as necesidades das asociacións sen ánimo de lucro dos concellos de Baiona e Oia de maneira prioritaria, facéndose extensible a outros concellos do Val Miñor, establecendo prioridade para aquelas que fagan un labor social dentro dos concellos e, no seu caso, procederase á doazón de equipos para o desenvolvemento do seu traballo, contribuíndo á dinamización social.

- Valorar a contribución do noso centro educativo no cumprimento dos obxectivos da asociación.
- Valorar a contribución do software libre na socialización e acceso á tecnoloxía por toda a cidadanía, con independencia dos seus recursos económicos.

## **4. Actividades**

---

### **Reparación e actualización dos equipos**

Inicialmente procederemos á substitución dos equipos vellos polos novos e á revisión e actualización dos equipos vellos por parte do alumnado da materia de Dixitalización de 4ºESO, e así coñecer o número exacto de equipos aos que lles podemos dar unha nova vida. Para a actualización dos equipos que o precisen utilizaranse compoñentes doutros ordenadores retirados con anterioridade (memoria, fonte de alimentación, discos duros, etc.) e instalarase un sistema operativo libre, intentando que sexa o máis axeitado para as características dos ordenadores.

### **Difusión interna e instalación no centro:**

Unha vez feito isto, faremos un estudo das necesidades de equipos nas diferentes aulas e despachos do centro, detectando tanto as necesidades de equipos como de software necesario para o traballo. Para iso pedirase a colaboración do profesorado que deberá cubrir un formulario. Cos equipos seleccionados para este fin, instalarase o software específico requirido polos departamentos.

### **Difusión externa e préstamos:**

Unha vez cubertas as necesidades do centro, procederase á organización do préstamo para familias e asociacións sen ánimo de lucro.

A través dos datos de becas de libros e ordenadores portátiles detectaranse as familias con máis necesidades. Tamén se difundirá o proxecto a través da ANPA do centro para detectar outras necesidades das que non temos constancia.

A través dos concellos de Baiona e de Oia e, no seu caso, dos concellos limítrofes, darase difusión entre as asociacións sen ánimo de lucro da contorna, establecendo prioridade para aquelas que fagan un labor social dentro dos concellos.

En función do número de equipos e das solicitudes recibidas, procederase á xestión dos préstamos. Eses préstamos incluírán o equipo completo (PC, monitor, teclado e rato) ou só o PC, en función das necesidades das persoas ou entidades ás que vaian dirixidos.

## 5. Difusión do proxecto

---

### **Para a difusión do proxecto utilizarase:**

- Carteis informativos elaborados polo alumnado da materia de Dixitalización de 4º ESO
- Web do proxecto creada e mantida polo alumnado da materia de Dixitalización de 4º ESO
- Web do centro
- Redes sociais

No caso do préstamo a asociacións externas, solicitarase a difusión a través da web dos concellos e das webs e redes sociais das asociacións beneficiarias.

### **Na difusión aparecerá:**

- O título do proxecto e nome do centro “Unha nova vida aos equipos informáticos do centro. IES Primeiro de Marzo. Baiona.”
- A convocatoria na que participa “Concurso de iniciativas didácticas de tecnoloxía para os dereitos humanos no ensino secundario galego”
- A entidade que convoca: “Enxeñería Sen Fronteiras Galicia”
- Enderezo da web do proxecto creada polo alumnado de 4ºESO e da web de ESF-Galicia.

## 6. Orzamento

---

Segundo o estado e necesidades dos equipos que imos reutilizar, e que aínda temos que avaliar, poderá necesitarse adquirir diferentes compoñentes, como módulos de memoria para mellorar a rapidez dos equipos, substitución de discos duros que xa empezan a fallar, fontes de alimentación, etc. e tamén necesitaremos, tanto para a instalación no centro como para o préstamo, mercar monitores, teclados, ratos e cables, intentando reutilizar elementos que xa temos doutros ordenadores antigos.

Para o seguinte orzamento preséntanse unidades e prezos estimados, buscando os máis económicos do mercado:

	Unidades	Prezo/unidade	Prezo total
Módulos de memoria	20	15€	300€
Monitores	8	90€	720€
Teclados	8	10€	80€
Ratos	8	6€	48€
Varios	-	-	50€
		Total:	1198 €

## 7. Datos de contacto

---

María Loureiro González

Departamento de Tecnoloxía.

IES Primeiro de Marzo. Virxe da Rocha, 20. 36300 Baiona.

Teléfono do centro: 886110127

correo: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.gal